



Estimadas familias,

- Dende distintos centros educativos vimos de crear o **EspazoFamiliasBoiro** como unha iniciativa educativa que xorde da necesidade sentida polas comunidades escolares dos distintos centros do Concello de promover novos espazos e tempos para o diálogo e a reflexión educativa entre dous axentes claves: a Familia e a Escola. Entendemos que é moi importante coordinarnos para brindarlle ás diferentes familias a posibilidade de participar e compartir actividades formativas que lles faciliten os coñecementos, as estratexias, os instrumentos e o apoio para facer fronte aos novos desafíos educativos da sociedade actual.

EspazoFamiliasBoiro nace cun carácter preventivo ao servizo da comunidade onde a participación directa e o diálogo permitiranos programar actividades con diferentes pedagogías dirixidas por especialistas que darán repostas ás necesidades e inquiredanzas compartidas entre as distintas nais e pais e/ou responsables legais dos diferentes centros escolares.

Dentro desta programación de actividades temos previsto para o **vindeiro xoves 29 de novembro ás 18:00 no ximnasio do IES Praia Barraña, unha sesión de primeiros auxilios "APRENDE A SALVAR UNHA VIDA", formación non oficial de .**

Os obxectivos da sesión:

- Aprender a realizar unha RCP Básica
- Posición lateral de seguridade
- Coñecer o uso do DESA



Para esta ocasión contamos coa participación de Miguel Cons, doutorando en EF pola USC.

Contamos con vós. Sen a vosa participación esta actividade non terá ningún sentido.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.



ENTREGAR NAS SECRETARÍAS DOS CENTROS EDUCATIVOS

Don/a:.....nai/pai/titor/a
do alumno/a.....escolarizado no curso.....
do centro educativo.....confirmando a miña participación no curso
"Aprende a Salvar unha vida", o xoves 29/11/18 ás 18:00h no IES Praia Barraña.
(risque cun X) **SI** **NON**

Asdo.:
Móbil: